



Seguindo o disposto na instrución 3/2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Universidade e F.P., publicada o 7 de xuño, informamos que se abre o prazo para solicitar prazas de comedor para o próximo curso escolar 2019-2020.

Teñen que solicitar todos os interesados, incluídos os que xa son usuarios do comedor no presente curso. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia do mesmo ou, en todo caso, se é de fóra da área de influencia, todo aquel alumnado que leve escolarizado máis dun ano no colexio.

➤ **Documentación :**

1. Impreso de solicitude. Pódense recoller no centro.
2. Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano. Non terán que traelo os usuarios con praza no curso 2018/2019 nin o alumnado que comeza en 4º de Ed. Infantil (tres anos).
3. Autodeclaración, Anexo II. (A recoller no centro coa solicitude)

➤ **Excluídos de presentar a autodeclaración:**

- Familias en situación de exclusión social
- Alumnos/as en acollemento
- Alumnos/as con discapacidade igual ou superior ao 33%
- Alumnos/as pertencentes a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero

➤ **Selección de usuarios:**

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnado usuario no curso anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido
2. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%
3. Familia numerosa
4. Alumnado fillo/a de pais e nais, titores legais ou acolledores familiares, traballadores, ambos os dous con incompatibilidade laboral.
5. Alumnado escolarizado fóra da área de influencia



➤ **Accreditacións: todas as circunstancias anteriores deben ser acreditadas xunto coa solicitude (É necesario traer copia e orixinal)**

a) **Exclusión social e discapacidade igual ou superior ao 33%**: certificado expedido polos Servizos Sociais ou municipais correspondentes ou acreditación do grao de discapacidade.

b) **Alumnado en acollemento**: fotocopia da resolución ditada pola correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar expedida para o efecto.

c) **Familia numerosa**: Título ou carné expedido para o mesmo.

d) **Incompatibilidade polo horario laboral**: Informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.

➤ **Número de prazas concedidas: 160**

➤ **Prazos:**

Entrega de solicitudes: **dende o 13 de xuño ata o 27 de xuño, ambos os dous inclusive.**

Publicación listaxe provisional admitidos: **3 de xullo.**


Reclamacións: **dende o 4 de xullo ao 10 de xullo, ambos os dous inclusive.**

Publicación listaxe definitiva: **15 de xullo**

➤ **Importante: Causa de baixa no servizo**

Pódese causar baixa por:

- **Non estar ao corrente dos pagos**: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularizen os pagos pendentes. Órgano competente: Consello Escolar.
- Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección. **Baixa automática.**
- Usuarios que **en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia**, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.



SOLICITUDE PRAZA PARA COMEDOR ESCOLAR
Curso 2019 - 2020

1. DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME: _____
DNI: _____
ENDEREZO: _____
TELÉFONO: _____

En calidade de: Pai Nai Titor/a Legal

2. DATOS DO/A ALUMNO/A.

NOME: _____

CURSO (no 2019-2020): Educación Infantil : 3 anos 4 anos 5 anos
Educación Primaria: 1º 2º 3º 4º 5º 6º

3. DÍAS QUE SE VAI A FACER USO DO COMEDOR

Luns Martes Mércores Xoves Venres

Outras situacións (indicar os días que asistiría á semana):

4. CRITERIOS ALEGADOS PARA ESTABLECER A ORDE DE PREFERENCIA DE ADMISIÓN
(marque cun X o que corresponda).

- Alumnado usuario do curso anterior.
- Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais ou alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
- Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidades acreditada documentalmente dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os/as alumnos/as escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde

Outros criterios a alegar (para desempatar se é necesario, supeditados á aprobación do Consello Escolar)

- Os alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Alumnado con irmáns ou irmás escolarizados/as no centro que fixeran uso do comedor no curso 2018-2019.
- Alumnos/as irmáns que solicitan o uso do servizo de comedor.

En Narón, a _____ de _____ de 2019

Asdo.:



CENTRO EDUCATIVO:
ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS

A) RENDA NETA IRPF 2018:

casilla 435 + casilla 460 – casilla 595 = X

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES
SOLICITA COMEDOR: número de membros = Y

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR =XIY

D) AUTODECLARACIÓN

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 0 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
-------------------------------------	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

que a casilla seguinte

Aboamento de 1 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
-------------------------------------	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación





Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 2,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil en idade escolar.	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil en idade escolar.	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 4,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de de 2019

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:

